

Fundación **Una Galicia Moderna**



**economistas**  
Colexio da Coruña


# 6<sup>a</sup> edición premio ideas 2015



IDEAS • MADE IN GALICIA

## INFORMACIÓN

FUNDACIÓN UNA GALICIA MODERNA  
COLEXIO DE ECONOMISTAS DA CORUÑA  
Caballeros, 29-1º  
15009 A Coruña  
Tel. 981 154 325 · Fax 981 154 323  
fundacion@economistascoruna.org  
www.economistascoruna.org



## CONVOCATORIA

**I** • A **Fundación Una Galicia Moderna** do **Colexio de Economistas de A Coruña** convoca a sexta edición do Premio Ideas correspondente ao ano 2015-2016.

## OBJECTO

**II** • O Premio Ideas á creación de empresas ten como finalidade **promover e incentivar iniciativas dirixidas a impulsar o desenvolvemento da economía**, así como fomentar o autoemprego para licenciados mozos de tódalas titulacións, mellorando deste xeito o futuro da mocidade galega.

## PARTICIPANTES

**III** • Os premios outorgaranse a persoas, empresas ou institucións que presenten un plan de negocio que xere emprego e riqueza. Deberá tratarse de **proxectos a desenvolver ou que xa se puxeron en marcha durante os anos 2014 ou 2015**.

**IV** • Os premiados deberán reunir os requirimentos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

## DOTACIÓN

**V** • O Premio Ideas correspondente ao ano 2015-2016 consiste nunha **dotación económica de 6.000 €**, que se dividirá nas seguintes categorías:

- Primeiro premio: 5.000 €
- Segundo premio: 1.000 €
- Terceiro premio: Bolsa para a asistencia ao Master en Fiscalidade e Tributación do Colexio de Economistas da Coruña (70% do importe da matrícula).

## TRABALLOS

**VI** • Os participantes terán a obriga de entregar o plan de negocio que presenten a concurso en soporte magnético, en formato compatible cos programas de tratamento de texto máis estendidos.

Na primeira páxina farase constar o nome e apelidos, títulos académicos, número de D.N.I. ou Pasaporte, domicilio e datos de contacto do autor.

Ademais deberán acompañar dun resumo do proxecto cunha extensión máxima de 15.000 caracteres (incluíndo espazos).

## PRAZO E PRESENTACIÓN

**VII** • Os proxectos presentaranse no domicilio da Fundación Una Galicia Moderna do Colexio de Economistas da A Coruña (R/ Caballeros 29 - 1º CP 15009 A Coruña) ou serán remitidos á mesma dirección mediante calquera medio que acredite a súa recepción, data e hora desta.

**VIII** • O prazo finalizará o día 29 de abril de 2016, ás 15 horas.

## XURADO E FALLO

**IX** • O premio Ideas correspondente ao ano 2015-2016 será outorgado por un Xurado independente designado polo Padroado da Fundación Una Galicia Moderna.

**X** • A decisión do Xurado adoptarase por maioría de votos e en caso de empate o Presidente disporá de voto de calidade.

**XI** • O Xurado está facultado para declarar deserta a Convocatoria se, ao seu xuízo, os traballos presentados non se axustasen ás Bases establecidas ou non reunisen méritos abondos, ou ben para destinar a dotación económica do mesmo —na súa totalidade ou parcialmente— a accésits aos mellores proxectos.

**XII** • A resolución do xurado independente emitirase no mes de xuño de 2016 e a entrega celebrarase nun acto público.